

Resolución do 22 de novembro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de chinés (592004) e de portugués (592015) do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas (592).

Por unha Resolución do 2 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de chinés (592004) e de portugués (592015) do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas (592) (código de procedemento ED003A).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e da nota media alegada polas persoas aspirantes na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de chinés (592004) e de portugués (592015) do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas (592), de acordo co disposto na base sétima da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional na especialidade indicada e facelas públicas no portal da Internet desta consellería www.edu.xunta.gal.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de chinés (592004) e de portugués (592015) do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas (592).

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro. De acordo co disposto na base sétima da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas excluídas e o baremo provisional, que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción “Alegacións”, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada



dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet da consellería.

Non se admitirán as alegacións que non sexan presentadas a través do procedemento indicado no parágrafo anterior.

Cuarto.- Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

